

MANUAL DRUPAL (v.5.1) PARA ADMINISTRADORES

Proxecto Webs Dinámicas da Consellería de Educación



Módulo I: Configuracións Iniciais

Versión para impresión dos materiais do Curso: Páxina Web do Centro (Drupal Administradores)

<http://centros.edu.xunta.es/siegapontedeume/moodle>

ÍNDICE

1. Configurando o noso Drupal

1.1 A Plantilla inicial

1.2 Inicio de Sesión e Cambio de Contraseña

1.3 Os roles de usuario e os usuarios

1.4 Mantemento de Usuarios

Avanzado

1.5 Outras configuracións: límite dos envíos dos usuarios, tipo de envíos, asignación do editor de texto a un rol e configuración dos límites do módulo para subir imaxes (IMCE)

1.5.1 Tipos de arquivos e tamaño máximo e total que os usuarios poden subir á páxina

1.5.2. Asignar o editor de texto (TinyMCE) a un novo rol creado polo centro

1.5.3. Configuración do límite no módulo para subir imaxes (IMCE)

1.6. Pechar sesión: módulo logout

Introducción

Drupal é un sistema de xestión de contidos (CMS: Content Management System) co que manter un espazo web dinámico. Permite o traballo colaborativo de distintos roles de usuarios para que dun xeito uniforme creen, xestionen, publiquen e actualicen contidos.

Crear contidos e tan sinxelo como encher formularios que o usuario pode publicar en menús simplemente seleccionando as opcións de saída.

Os centros participantes no proxecto recibirán acceso á aplicación completamente instalada e configurada cun menú orientativo que cada centro poderá adaptar as súas necesidades. Ademáis do asesoramento dos asesores SIEGA os centros teñen acceso á páxina principal do proxecto <http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas> onde se atopa a documentación principal do mesmo e os foros para consulta e resolución de dúbidas, suxestións, etc.


O presente manual segue o protocolo de actuación dos asesores SIEGA presentando os contidos de xeito gradual para facilitar o traballo dos administradores da páxina do centro educativo. As distintas capturas de pantalla ilustran na maioría das ocasións os procesos que se describen nas explicacións. O contido do manual desenvólvese na seguinte dirección <http://centros.edu.xunta.es/siegapontedeume/moodle> no Curso: Páxina Web do Centro (Drupal Administradore) ao que se accede premendo no Acceso para Invitados.



1. Configurando o noso Drupal

1.1. A plantilla Inicial

No noso espazo web teremos cargadas as ferramentas do proxecto. O aspecto xenérico da páxina web é o que se mostra na imaxe:



Nota: se o centro xa tivese páxina web aparecería un enlace na páxina inicial de Drupal cara a páxina antiga. Os centros participantes no proxecto asumen que na raíz do seu sitio a páxina principal é a do Drupal

Por defecto teremos deseñados uns menús xenéricos: O Centro, Profesorado, Alumnado, Actividades... cos seús submenús correspondentes: Localización, Dependencias... nunha plantilla base. Tamén aparecen os **enlaces** as outras ferramentas do proxecto: **Aula Virtual (Moodle)**, **Galerías (Coppermine)** e **PhpWebQuest** así como uns enlaces ao Correo SEM, ao Portal de Contidos e ao portal de EduXunta.



Todas estas configuración iniciais (Menús, Enlaces, Aspecto da Web... e algúns máis que veremos a continuación) poden -e débense- personalizar polos centros participantes adaptando a páxina web as súas características e necesidades.

É moi recomendable que o equipo de traballo ou desenvolvemento da Web do Centro teña meditado a estrutura que desexan para a súa páxina: menús a engadir ou quitar da estrutura inicial, aspectos a modificar, etc.

1.2 Inicio de Sesión e Cambio de Contraseña

Drupal é un sistema que en función do usuario autenticado determina o que pode ou non pode facerse na páxina. O centro participante no proxecto recibe inicialmente un **nome de usuario** e unha **contraseña** coa que ter o control da páxina.

Iniciar sesión

Nome de usuario: *

Contraseña: *

Iniciar sesión

- [Solicitar un novo contraseña](#)

Basta con **Iniciar sesión** cos datos recibidos (admin / ...) para acceder a tódalas funcións que permite Drupal xa que para ese usuario están activas. Dúas ou máis persoas pódense autenticar co mesmo nome e contraseña de usuario. É moi recomendable **modificar as contraseñas** dos usuarios iniciais (**admin**, **profe1**, **alumno1**, **painai1**) propostos dende a Consellería.

Unha vez iniciada a sesión observamos como varía a páxina (Imaxe 1). Se nos autenticasemos como outro usuario o menú, tal como se observa na Imaxe 2, modificaríase. O que se ve en ambos casos é o **menú navegación**, na primeira imaxe do usuario admin coa posibilidade de administrar a páxina, na segunda o menú navegación do usuario profe1 (sen permisos de administración)




Nota: Por defecto (e como orientación) a aplicación trae cargados ademáis do usuario principal (**admin**) outros usuarios: **painai1**, **profe1**, **alumno1** e o **usuario webmaster** (este usuario empregárase dende a Consellería para labores de mantemento e actualización e **non debe ser modifícao ou borrado polo centro**)

Seguindo a recomendación anterior e estando identificados como admin prememos no apartado **A miña conta** chegando a unha pantalla como a da imaxe. Para modificar a contrasinal do usuario temos que seleccionar a pestana **Editar**



The screenshot shows the user profile page for 'admin'. On the left, there is a navigation menu with 'O centro' (containing 'Localización', 'Dependencias', 'Organigrama', 'Secretaría') and 'Profesorado' (containing 'Profesional', 'Reunións'). The main content area shows the breadcrumb 'Inicio » Conta de usuario', the username 'admin', and three buttons: 'Ver', 'Editar', and 'Personal files'. A red arrow points to the 'Editar' button. Below the buttons is the 'Historial' section, which indicates the user is a 'Membro de' for '1 ano 2 semanas'.

aparecen a continuación a pantalla na que poderemos modificar o nome de usuario admin polo que queiramos (en principio é convinte deixalo que temos por defecto -admin-) e a caixa para introducir a nova contrasinal:



The screenshot shows the 'Edit' page for the user 'admin'. The breadcrumb is 'Inicio » Conta de usuario'. The page title is 'admin'. There are three buttons: 'Ver', 'Editar', and 'Personal files'. The 'Editar' button is highlighted with a red circle. Below the buttons is the 'Información da conta.' section. It contains two text input fields: 'Nome de usuario: *' with the value 'admin' and 'Enderezo de correo-e: *' with the value 'admin@edu.xunta.es'. Below these are two more text input fields: 'Contrasinal:' and 'Confirm password:'. A red circle highlights these two fields, and a red arrow points to them from the right. To the right of the 'Contrasinal:' and 'Confirm password:' fields, there is text: 'Poñemos a nova contrasinal e a confirmamos'.

O resto das opcións que aparecen as deixamos como están e para rematar baixamos ata o final da pantalla e lle damos a enviar



The screenshot shows a user configuration form in Spanish. The 'Configuración do bloque' section is circled in red and contains two checked checkboxes: 'Navegación' and 'CRON'. Below it is the 'Opcións de comentarios' section, which includes a signature field with a rich text editor toolbar and a 'disable rich-text' link. The 'Configuración da localización' section features a 'Fuso horario:' dropdown menu currently set to 'Martes, 27 Novembro, 2007 - 01:10 +0100'. A red arrow points to the 'Enviar' button at the bottom of the form.

Nesta captura de pantalla podemos observar que o usuario admin ten activas as opcións **Navegación** e **Cron**. Cando creemos un usuario o máis importante é que teña activo o primeiro deles xa que se non lle aparecería o seu menú Navegación e non podería traballar na páxina. A opción Cron soamente é recomendable para os usuarios con privilexios de administración.

Por último, e como dicíamos arriba, é necesario modificar as contrasinais do resto de usuarios autenticados que veñen por defecto: PaiNai1, Profe1, Alumno1 ou ben, se non os vamos a utilizar ao principio, borrarlos ou bloquealos. Ambas as opcións están a vista premendo en editar os usuarios.

1.3 Os Roles de Usuario e os Usuarios

Unha das primeiras cousas a ter en conta na nosa páxina é que tódolos usuarios (os xa existentes e os novos aos que dé de alta o centro) van asignados a roles e que son os roles os que determinan o que os usuarios poden facer ou non na páxina (se poden administrar, que tipos de contidos podén crear, onde podén crear eses contidos...)

Cando entramos como administradores da páxina e prememos no menú **Administrar** obtéremos a seguinte vista no menú principal:



para configurar roles e usuarios eliximos a opción **Mantenemento de usuarios** e xa teremos á vista as opción de configuración tanto no menú da esquerda como na xanela principal podendo navegar indistintamente por ambas:

The screenshot shows the Drupal administration interface. On the left is a sidebar menu with categories: 'O centro' (Localización, Dependencias, Organigrama, Secretaría), 'Profesorado' (Profesional, Reunións), and 'Alumnado' (Deportes, Música, Taboleiro). The main content area is titled 'Inicio » Administrar' and 'Mantenemento de usuarios'. It lists several options: 'Buscar roles', 'Configuración de usuario', 'Control de acceso', 'Perfiles', 'Regras de acceso', 'Roles', 'Taxonomy Access: Permissions', and 'Usuarios'. The 'Roles' option is highlighted with a red box and a purple arrow pointing to it from the left.

Premendo na opción **Roles** teremos á vista os roles creados e as opcións de configuración. Poderíamos tamén crear un rol novo ou modificar os xa existentes ou ben deixalos como están: administrador, Alumnado, Pais e Profe.

The screenshot shows the 'Roles' configuration page in Drupal. The breadcrumb is 'Inicio » Administrar » Mantenemento de usuarios'. The page title is 'Roles'. The text explains that roles allow adjusting security and administration, with examples like 'administrador' and 'anónimo'. It states that by default, Drupal has two roles: 'Usuario anónimo' and 'Usuario autenticado'. Below the text is a table listing roles and their permissions.

Nome	Operacións
administrador	editar rol editar permisos
Alumnado	editar rol editar permisos
anonymous user	bloqueado editar permisos
authenticated user	bloqueado editar permisos
Pais	editar rol editar permisos
Profe	editar rol editar permisos

Below the table, there is an input field for a new role name and a button labeled 'Engadir rol'.

A opción **editar rol** cambia o nome ao rol e **editar permisos** configura os permisos - propiamente os módulos que son funcionais para eses usuarios-, isto é, o que poden facer os usuarios que van ser asignados a ese rol.

Os roles **anonymous user** e **authenticated user** son propios do Drupal e non podén ser eliminados.

Anonymous user é o rol do usuario que entra na páxina sen autenticar. Se prememos en editar permisos do Anonymous vemos que soamente tén activado no **módulo node** a opción **acceder ao contido** (isto debe manterse así xa que se esta opción estivese desmarcada non se vería ningún menú dos existentes e tampouco, naturalmente, ningún contido).

Authenticated user é un rol especial xa que os seus permisos mandan sobre os roles creados, é dicir, se nos permisos do Authenticated user está seleccionada, por exemplo, a opción de administrar bloques calquera usuario asignado a calquera rol creado polos administradores da páxina ou os que xa están creados poderá facer esa configuración aínda que non teña ese permiso no seu rol.

Se quixeramos facer algunha modificación nos roles e para que Drupal a rexistre deberíamos ir ao final da lista e premer en Gardar Permisos.



As modificacións feitas dende aquí quedan tamén rexistradas no menú **Control de acceso** do Mantemento de usuarios. Falaremos posteriormente dos **módulos** (o corazón do sistema) pero temos que saber xa que Drupal é modular, isto é, que a súas posibilidades e funcionalidades dependen dos módulos que incorporem e activemos. Dende a ruta agora citada: **(Administrar > Mantemento de Usuarios > Control de acceso)** temos unha visión xeral dos módulos que teñen activos os distintos roles:

Permiso	administrador	Alumnado	anonymous user	authenticated user	Pais	Profe
autologout módulo						
administer autologout	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
basicevent módulo						
create events	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
edit own events	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
block módulo						
administrar bloques	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
usar PHP para a visibilidade de bloques	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
book módulo						
crear páxinas de libro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
crear libros novos	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
editar páxinas do libro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
edita-las propias páxinas de libro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
envíos de índices en libros	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
ver a versión para impresión	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
comment módulo						
acceder a comentarios	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
administrar comentarios	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
enviar comentarios	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
enviar comentarios sen aprobación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Sinalados en círculos temos algunhas modificacións que podemos facer para outorgar aos usuarios do rol Profe as posibilidades dos módulos (no exemplo: crear contidos tipo libro propios e acceder a comentarios...). Para que as modificacións sexan permanente ao final hai que premer en **Gardar Permisos**.

O rol administrador ao que pertence o usuario **admin** co que estamos a facer estas primeiras aproximacións a configuración do noso espazo web **ten tódolos permisos dos módulos de Drupal activos** mentres que os roles Alumnado, Pais e Profe -como se observa- teñen permisos restrinxidos. Estes roles propoñense como exemplo dos tipos de usuarios aos que vai dirixida a páxina do centro entendendo que é unha labor colaborativa aberta as distintas figuras da comunidade educativa.

1.4 Mantemento de Usuarios

Así como temos creados uns roles temos tamén uns usuarios creados dende Webs Dinámicas asignados a eses roles. Na ruta: **Administrar > Mantemento de Usuarios > Usuarios** vemos:

Inicio » Administrar » Mantemento de usuarios

Usuarios

[Lista](#) [Engadir usuario](#)

Drupal permite ós usuarios que se rexistren, que ingresen, que salgan, que manteñan os seus perfíles de usuario, etc. Níngunha vez empregar o seu propio nome para enviar contido hasta que non obteña unha conta de usuario.

Mostrar só usuarios onde

rol é

permiso

estado

Opcións de actualización


<input type="checkbox"/>	Nome de usuario	Estado	Roles	Membro de	Último acceso	Operacións
<input type="checkbox"/>	painai1	activo	• Pais	1 ano 1 semana	hace 51 semanas 5 días	editar
<input type="checkbox"/>	profe1	activo	• Profe	1 ano 1 semana	hace 12 horas 16 min	editar
<input type="checkbox"/>	alumno1	activo	• Alumnado	1 ano 1 semana	hace 1 hora 22 min	editar
<input type="checkbox"/>	webmaster	activo	• administrador	1 ano 1 semana	hace 17 semanas 54 min	editar
<input type="checkbox"/>	admin	activo	• administrador	1 ano 2 semanas	hace 40 seg	editar

Nesta xanela aparece a lista dos usuarios activos tal como ven configurada por defecto. Observamos que cada usuario vai asignado a un rol. Premendo na **opción editar** poderíamos cambiar as opcións do usuario e tamén borrarlo (**é moi importante non borrar nin o usuario admin nin o usuario webmaster -este é o usuario empregado dende Servizos Centrais para labores de mantemento e actualización da plataforma-).** Estas opcións modificables son, entre outras : nome, contrasinal, o rol que ten, as opcións do seu bloque de navegación, a configuración do seu tema...

Se fixeramos algunha variación nun usuario sempre debemos de deixar activo na **Configuración do bloque** a opción **Navegación**.

Se quixeramos **Engadir un usuario** prememos na pestana contigua e introducirmos o seu nome, mail (pode ser ficticio) o rol ao que o asignamos e unha contrasinal inicial (para que logo a modifique o usuario), damoslle a botón **Crear conta** e o usuario novo aparecerá na nosa lista de usuarios.

Unha vez na lista lle damos a editar e **nos aseguramos que ten activo o bloque Navegación** e se non é un usuario administrador lle desactivamos a opción CRON (lanza o actualizador das táboas para indexar o contido da páxina). Podemos tamén comprobar que a opción TinyMCE rich-text settings estea na posición Enable para que o usuario poda crear contidos utilizando o editor de texto do Drupal.



The image shows a screenshot of the Drupal configuration interface. It features several sections with expandable/collapsible headers:

- TinyMCE rich-text settings**: This section is expanded. It contains a "Default state:" label followed by a dropdown menu currently set to "enabled". A red arrow points to this dropdown. Below the dropdown is the question: "Should rich-text editing be enabled or disabled by default in textarea fields?".
- Opcións de idioma da interface**: This section is also expanded. It has a "Linguaxe:" label and three radio button options: "Galego" (selected), "Inglés", and "Español". Below these is the text: "Ao seleccionar un locale diferente cámbiase o idioma da interface do sitio."
- Configuración do tema**: This section is collapsed.
- Configuración do bloque**: This section is expanded. It contains two checkboxes: "Navegación" (checked) and "CRON" (unchecked). A red arrow points to the "Navegación" checkbox.

AVANZADO

1.5 Outras configuracións: límite dos envíos dos usuarios, tipo de envíos, asignación do editor de texto a un rol e configuración dos límites do módulo para subir imaxes (IMCE)

1.5.1 Tipo de arquivos e tamaño máximo e total que os usuarios podén subir á páxina

Mediante esta opción configuramos que tipo de adjuntos podén ir acompañando a un contido. Tamén o tamaño máximo destes (expresado en MB) e o tamaño total dos arquivos acumulados na páxina polos usuarios pertencentes a un rol. A configuración por defecto é a que se mostra na páxina a que se accede na ruta: **Administrar > Configuración da páxina > Subida de arquivos**:

The screenshot shows the 'Subidas de Arquivos' configuration page in Drupal 5.1. The page title is 'Inicio » Administrar » Configuración da páxina'. The main heading is 'Subidas de Arquivos' with a sub-heading 'Configuración xeral'. The configuration options are as follows:

- Resolución máxima para as imaxes cargadas:** 640x480 (ANCHOxALTO). Below it, a note states: 'O tamaño máximo permitido para as imaxes (p.e 640x480). Defínalo como 0 se non quere restricións'.
- Amosar ficheiros por defecto:** A dropdown menu is set to 'Si'. Below it, a note states: 'Define se os ficheiros adjuntos aos nodos débense amosar ou non na vista de nodo de maneira predeterminada.'
- Extensions de arquivo permitidas por defecto:** A text input field contains 'jpg jpeg gif png txt html doc xls pdf ppt pps odt ods odp'. A red arrow points to this field with the label 'Extensións permitidas por defecto'.
- Tamaño máximo de arquivo por defecto para subir.:** A text input field contains '1' followed by 'MB'. A red box highlights this field and the one below it. A red arrow points to this field with the label 'Tamaños'.
- Tamaño total do arquivo por defecto por usuario.:** A text input field contains '1' followed by 'MB'. A red arrow points to this field with the label 'Tamaños'.
- Below these fields, a note states: 'O tamaño máximo predefinidos para tódolos ficheiros que un usuario pode ter no sitio. A configuración de PHP limita o tamaño máximo de arquivo para subir a 30 MB.'
- At the bottom, there are four links: 'Configuracións para administrador', 'Configuracións para Alumnado', 'Configuracións para Pais', and 'Configuracións para Profe'. A red arrow points to these links with the label 'Opcións para os roles'.
- At the very bottom, there are two buttons: 'Garda-la configuración' and 'Restaurar cos valores predeterminados'.

Debemos entrar en cada rol e modificar as opcións segundo sexan as necesidades dos usuarios. Por exemplo modificar os límites do usuario administrador, principalmente o **Tamaño total do arquivo por defecto** (suxerimos deixalo en 500 MB) de maneira que non teñamos problemas de exceso de couta.

Tamén aquí é onde engadir os tipos de arquivos as opcións xa configuradas (por exemplo para permitir aos usuarios enlazar arquivos do programa do Encerado Dixital -extensión notebook- ou arquivos de son -extensión MP3-). Todas estas modificacións as faremos para os distintos roles segundo sexan as nosas preferencias.

1.5.2 Asignar o editor de texto (TinyMCE) a un novo rol creado polo centro

No apartado de administrar roles explicamos como ao editar un rol (ben dende **Administrar > Mantemento de Usuarios > Roles - Editar Rol** ben dende **Administrar > Mantemento de Usuarios > Control de acceso**) podemos asignar ou des asignar módulos aos roles (isto é posibilidades aos roles). Pois ben, para que o módulo do editor de texto sexa operativo para os usuarios dun rol non basta con telo activo hai que facer ademais:

Na ruta: **Administrar > Configuración da páxina > TinyMCE** editar o Perfil1

Inicio » Administrar » Configuración da páxina

TinyMCE settings

\$Revision: 1.90.4.23 \$ \$Date: 2007/05/06 01:41:35 \$

TinyMCE adds what-you-see-is-what-you-get (WYSIWYG) html editing to textareas. This editor can be enabled/disabled without reloading the page by clicking a link below each textarea.

Profiles can be defined based on user roles. A TinyMCE profile can define which pages receive this TinyMCE capability, what buttons or themes are enabled for the editor, how the editor is displayed, and a few other editor functions.

Lastly, only users with the `access_tinymce` **permission** will be able to use TinyMCE.

Perfil	Roles	Operacións
Perfil1	administrador Profe Alumnado Pais	editar borrar

[Create new profile](#)

e unha vez dentro das opcións as que da acceso despregar o menú **Basic setup** e incorporar ao Perfil1 o novo rol (tal e como se ve na imaxe que segue). O resto das opcións as deixamos sen modificar. Por último e para rexistrar as modificacións prememos ao final en **Update profile**. Conseguiremos deste xeito que os usuarios do Novo rol podan escribir contidos usando o editor de texto básico que incorpora o Drupal.

Inicio » Administrar » Configuración da páxina

Edit tinymce profile

▼ **Basic setup**

Profile name: *
Perfil1
Enter a name for this profile. This name is only visible within the tinymce administration page.

Roles allowed to use this profile: *

- administrador
- Alumnado
- Novo Rol
- Pais
- Profe

Check at least one role. Only roles with 'access tinymce' permission will be shown here.

Default state:
enabled

Default editor state for users in this profile. Users will be able to override this state if the next option is enabled.

Allow users to choose default:
true

If allowed, users will be able to choose their own TinyMCE default state by visiting their profile page.

1.5.3 Configuración do límite no módulo para subir imaxes (IMCE)

Outra configuración importante a ter en conta é a que afecta a un dos módulos dos que dispoñemos para subir imaxes coas que ilustrar os nosos contidos. Aínda que logo falaremos da carga de imaxes é convinte xa telo en conta. Situándonos na ruta **Administrar > Configuración da páxina > IMCE** podemos modificar as opcións dos diferentes roles no que se refire ao límite das imaxes. Se desexamos que un rol non teña límite seleccionaremos a opción **limitless upload** (recomendable para o rol administrador e profesor). Para o resto dos roles podemos variar o tamaño por defecto tal e como se ve na imaxe:

– ▶ **Settings for the role: Pais**

– ▶ **Settings for the role: Alumnado**

– ▶ **Settings for the role: Profe**

– ▼ **Settings for the role: administrador**

Permissions:

delete files , cargar ficheiros , limitless upload

Enable/disable access for file upload and deletion in user directories. Limitless upload disables controlling filesize, image dimensions and quota.

Image dimensions:

Width X Height: X px

Define the maximum dimensions for an image to be uploaded.

Enable scaling of newly uploaded images.

If a newly uploaded image has dimensions exceeding the limit, it will be scaled down instead of giving an error.

Thumbnail dimensions:

Width X Height: X px

You can enable automatic thumbnail creation from newly uploaded images. To disable leave the fields blank.

Enable custom resizing.

Users will be able to resize their images to any size up to allowed dimensions.

File size:

Define the maximum file size(KB) for an image to be uploaded.

Upload quota:

1.5.4 Pechar sesión: módulo logout


Pechar sesión significa pechar a páxina na opción Saír do menú navegación correspondente ao usuario. Moitos usuarios saen da páxina sen darlle a opción saír (pechando o navegador por exemplo) o que deixa aberta a súa sesión e accesible a calquera os seus privilexios de usuario. Para evitar isto temos que configurar o módulo Automatic logout que se atopa na ruta: **Administrar > Configuración da páxina > Automatic logout**



temos que premer na opción **automatic logout** e activalo seleccionando Enable module. Tamén podemos configurar o tempo expresado en segundos no que a páxina se non ten actividade esixirá ao usuario que se identifique de novo



Ao único usuario a quen no afecta o módulo é a usuario admin, primeiro usuario que se creou na aplicación. Na parte de abaixo da páxina podemos elixir os roles aos que afectará o módulo e as opcións (recomendable: **tódolos roles en Enforce**)



Set-up your site policy by role:-

administrador:
Enforce

Alumnado:
Enforce

authenticated user:
Enforce

Novo Rol:
Enforce

Pais:
Enforce

Profe:
Enforce

Policy description

- Enforce : all users in this role will be auto-logged out
- Exculde : all users in this role are excluded from auto-logout functionality
- By user : all users in this role can select to switch off this functionality

Explicación:

Enforce: Os usuarios do rol teñen forzosamente activo o módulo

Exclude: Os usuarios do rol non teñen o módulo activo

By user: Cada usuario do rol pode indicar se desexa ou non activar o módulo